

# Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior

Proba de Código

# Filosofía e cidadanía

CSPEA05



## 1. Formato da proba

#### **Formato**

- A proba consta de 20 cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

#### **Puntuación**

- Puntuación: 0'50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0'125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.

#### Duración

• Este exercicio terá unha duración máxima de: 60 minutos.

#### Materiais e instrumentos que poden empregarse durante a proba

Bolígrafo con tinta negra ou azul.

### 2. Exercicio

#### 1. A existencia de mutacións xenéticas:

La existencia de mutaciones genéticas:

- **A** Nega toda a teoría da evolución das especies. *Niega toda la teoría de la evolución de las especies.*
- **B** Contradí a teoría de Darwin, que descoñecía as leis da xenética. *Contradice la teoría de Darwin, que desconocía las leyes de la genética.*
- **C** Encaixa na teoría xeral da evolución formulada por Darwin e compleméntaa. *Encaja en la teoría general de la evolución formulada por Darwin y la complementa.*

#### 2. O bipedismo trouxo como consecuencia principal:

El bipedismo trajo como consecuencia principal:

- A Poder desprazarse con máis rapidez en espazos abertos. Poder desplazarse con más rapidez en espacios abiertos.
- **B** Un aumento de estatura e peso, así como unha maior resistencia á fatiga. *Un aumento de estatura y peso, así como una mayor resistencia a la fatiga.*
- **C** Poder utilizar as mans para funcións non locomotrices, como o uso de ferramentas. *Poder utilizar las manos para funciones no locomotrices, como el uso de herramientas.*

#### 3. A sociabilidade humana:

La sociabilidad humana:

- **A** Esixe que o individuo se someta e supedite totalmente ao grupo. *Exige que el individuo se someta y supedite totalmente al grupo.*
- **B** Permite a autonomía do individuo para, desde ela, fundar a cooperación cos outros. *Permite la autonomía del individuo para, desde ella, fundar la cooperación con los otros.*
- **C** Reduce o individuo a unha peza da *máquina social*.

  Reduce el individuo a una pieza de la máquina social.

#### 4. A linguaxe humana é:

El lenguaje humano es:

A Similar á dos outros animais, pero máis extensa. Similar al de los otros animales, pero más extenso.

**B** Igual, na práctica, á de moitos outros animais que expresan o que necesitan. *Igual, en la práctica, al de muchos otros animales que expresan lo que necesitan.* 

**C** Moi diferente á de tódolos animais, porque utiliza símbolos. *Muy diferente al de todos los animales, porque utiliza símbolos.* 

#### 5. Os símbolos son:

Los símbolos son:

**A** Sinais que representan en virtude da súa propia natureza. *Señales que representan en virtud de su propia naturaleza.* 

**B** Signos que representan por semellanza co representado. *Signos que representan por semejanza con lo representado.* 

**C** Signos que representan por convención ou acordo dos usuarios. Signos que representan por convención o acuerdo de los usuarios.

#### 6. Cando os bebés humanos chegan ao mundo...

Cuando los bebés humanos llegan al mundo...

**A** Xa teñen conceptos pero teñen que aprender a expresalos. *Ya tienen conceptos pero tienen que aprender a expresarlos.* 

Atópanse cos símbolos que emprega a comunidade e empezan a imitar o seu uso, facilitándolles o desenvolvemento da súa capacidade para abstraer e conceptualizar.

Se encuentran con los símbolos que emplea la comunidad y empiezan a imitar su uso, facilitándoles el desarrollo de su capacidad para abstraer y conceptualizar.

**C** Só están capacitados para empregar sinais.

Sólo están capacitados para emplear señales.

#### 7. O pensamento mitico-relixioso presupón:

El pensamiento mitico-religioso presupone:

- **A** Que hai unha regularidade e secuencia causal nos fenómenos da natureza. *Que hay una regularidad y secuencia causal en los fenómenos de la naturaleza.*
- **B** Que se pode explicar e comprender racionalmente a natureza. *Que se puede explicar y comprender racionalmente la naturaleza.*
- **C** Que a natureza é gobernada por forzas sobrenaturais imprevisibles para os humanos. *Que la naturaleza es gobernada por fuerzas sobrenaturales imprevisibles para los humanos.*

#### 8. A filosofía:

La filosofía:

- A Procura explicacións orientadas a solucionar problemas prácticos de supervivencia. Busca explicaciones orientadas a solucionar problemas prácticos de supervivencia.
- **B** Achega explicacións da realidade que non se someten a revisión crítica, a diferenza das explicacións científicas.

Aporta explicaciones de la realidad que no se someten a revisión crítica, a diferencia de las explicaciones científicas.

**C** Comparte cos mitos a necesidade de dar explicacións últimas da realidade para orientar e dar sentido á vida humana.

Comparte con los mitos la necesidad de dar explicaciones últimas de la realidad para orientar y dar sentido a la vida humana.

#### 9. No razoamento dedutivo correcto, se os enunciados de que se parte son verdadeiros:

En el razonamiento deductivo correcto, si los enunciados de los que se parte son verdaderos:

- A conclusión é necesariamente verdadeira.
  - La conclusión es necesariamente verdadera.
- **B** A conclusión é moi probablemente verdadeira, pero non totalmente segura. *La conclusión es muy probablemente verdadera, pero no totalmente segura.*
- **C** A conclusión ten a mesma probabilidade de ser verdadeira ou falsa. *La conclusión tiene la misma probabilidad de ser verdadera o falsa.*

#### 10. As ciencias formais:

Las ciencias formales:

- **A** Non tratan de fenómenos observables pola experiencia. *No tratan de fenómenos observables por la experiencia.*
- **B** Estudan obxectos sobre os que se ten pouca experiencia. *Estudian objetos sobre los que se tiene poca experiencia.*
- **C** Baséanse en experimentos de moito rigor lóxico formal. *Se basan en experimentos de mucho rigor lógico formal.*

#### 11. As ciencias empíricas utilizan:

Las ciencias empíricas utilizan:

- **A** O método axiomático-dedutivo. El método axiomático-deductivo.
- **B** O método axiomático-indutivo. El método axiomático-inductivo.
- **C** O método hipotético-dedutivo. *El método hipotético-deductivo.*

#### 12. Para que unha hipótese científica quede falseada (rexeitada):

Para que una hipótesis científica quede falsada (rechazada):

- **A** Cómpre que todos os casos observados a contradigan. *Es necesario que todos los casos observados la contradigan.*
- **B** Cómpre que non se atope ningún caso que a contradiga. *Es necesario que no se encuentre ningún caso que la contradiga.*
- **C** Abonda con que se observe un só caso que a contradiga. *Basta con que se observe un solo caso que la contradiga.*

#### 13. A autonomía moral:

A autonomía moral:

- A É a situación en que se atopan todos os individuos á hora de tomaren decisións morais. Es la situación en la que se encuentra todo individuo a la hora de tomar decisiones morales.
- **B** É unha conquista difícil, froito do desenvolvemento moral do individuo. *Es una conquista difícil, fruto del desarrollo moral del individuo.*
- **C** Non admite graos: ou se ten vontade propia ou non. *No admite grados: o se tiene voluntad propia o no.*

#### 14. A heteronomía moral dáse:

La heteronomía moral se da:

- **A** Só cando a vontade se ve sometida a fortes presións exteriores ao suxeito. *Sólo cuando la voluntad se ve sometida a fuertes presiones exteriores al sujeto.*
- **B** Baixo presións exteriores e tamén nos casos de fortes presións psicolóxicas internas. *Bajo presiones exteriores y también en los casos de fuertes presiones sicológicas internas.*
- **C** Só cando concorren ambos os tipos de presións internas e externas. *Sólo cuando concurren ambos tipos de presiones internas y externas.*

#### 15. As teorías éticas teleolóxicas:

Las teorías éticas teleológicas:

- **A** Tratan de definir os deberes morais esixibles universalmente. *Tratan de definir los deberes morales exigibles universalmente.*
- **B** Consideran que a felicidade é unha cuestión particular e privada de cadaquén. *Consideran que la felicidad es una cuestión particular y privada de cada uno.*
- **C** Consideran que hai unha finalidade natural para a vida humana. *Consideran que hay una finalidad natural para la vida humana.*

#### 16. As teorías éticas materiais:

Las teorías éticas materiales:

- **A** Só se ocupan do benestar económico e a xustiza. *Sólo se ocupan del bienestar económico y la justicia.*
- **B** Tratan de definir en que consiste a felicidade, cal é a finalidade da vida humana. *Tratan de definir en qué consiste la felicidad, cuál es la finalidad de la vida humana.*
- **C** Pretenden definir o procedemento ou forma da toma de decisións morais. *Pretenden definir el procedimiento o la forma da toma de decisiones morales.*

#### 17. A fundamentación filosófica moderna do concepto de cidadanía (a condición de cidadán):

La fundamentación filosófica moderna del concepto de ciudadanía (la condición de ciudadano):

- A Baséase na fraternidade universal por ser todos "fillos de Deus". Se basa en la fraternidad universal por ser todos "hijos de Dios".
- **B** Reside na desigual condición natural de nacemento de cada un. *Reside en la desigual condición natural de nacimiento de cada uno.*
- **C** Reside na condición racional do ser humano que o fai un suxeito autónomo. *Reside en la condición racional del ser humano que lo hace un sujeto autónomo.*

#### 18. A lexitimidade do poder político nos estados modernos baséase:

La legitimidad del poder político en los estados modernos se basa:

- **A** Na suposta orixe divina do poder dos gobernantes. *En el supuesto origen divino del poder de los gobernantes.*
- **B** No carisma e nas calidades especiais de quen exerce o poder político. *En el carisma y en las cualidades especiales de quien ejerce el poder político.*
- **C** No contrato social expresado na Constitución. En el contrato social expresado en la Constitución.

#### 19. Un "Estado de dereito" é:

Un "Estado de derecho" es:

- **A** Un Estado que crea e utiliza o dereito para regular a vida social. Un Estado que crea y utiliza el derecho para regular la vida social.
- **B** Un Estado que non só crea e aplica as leis, senón que tamén el mesmo se somete a elas.

Un Estado que no sólo crea y aplica las leyes, sino que también él mismo se somete a ellas.

**C** Un estado en que se aplican as leis con imparcialidade. *Un estado en el que se aplican las leyes con imparcialidad.* 

#### 20. O problema da globalización e o multiculturalismo das sociedades modernas esixe:

El problema da globalización y el multiculturalismo de las sociedades modernas exige:

- **A** Acentuar e defender as identidades culturais e nacionais de pertenza. *Acentuar y defender las identidades culturales y nacionales de pertenencia.*
- **B** Construír unha ética cívica de mínimos compartidos entre as identidades particulares. *Construir una ética cívica de mínimos compartidos entre las identidades particulares.*
- **C** Protexer os dereitos da cidadanía nacional fronte a intromisións foráneas. *Proteger los derechos de la ciudadanía nacional frente a intromisiones foráneas.*